



## ANTECEDENTES

**Primeiro.** O dez de decembro de 2018 a secretaria xeral para o Deporte acordou, entre outros asuntos, nomear unha Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei coa seguinte composición:

PRESIDENTE: Alberto Estévez Franco.  
TESOUREIRO: Francisco Caseiro Suárez.  
VOGAL: Arturo Castrillo Escobar.

**Segundo.** O 5 de setembro de 2019 a Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei acorda solicitar á Secretaría Xeral para o Deporte o relevo do tesoureiro Francisco Caseiro Suárez e do vogal Arturo Castrillo Escobar e a súa substitución por Carlos Dominguez Rodríguez novo tesoureiro e Francisco Javier Masid Pérez como vogal da Comisión Xestora.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

1. A competencia para adoptar a presente resolución correspóndelle á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o disposto nos artigos 5.1. letra j), 56.4 letra e) e 57.5 da Lei 3/2012, de 2 de abril de 2012, do deporte de Galicia.
2. Aceptar a dimisión presentada por D. Francisco Caseiro Suárez e D. Arturo Castrillo Escobar como membros da Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei
3. Nomear a Carlos Dominguez Rodríguez e a Francisco Javier Masid Pérez como novos membros da Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei.





De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral para o Deporte

**Resolve:**

Nomear como novos membros da Comisión Xestora da Federación Galega de Hoquei a Carlos Dominguez Rodríguez ocupando o posto de Tesoureiro e a Francisco Javier Masid Pérez como vogal da mesma

A presente resolución notificarase aos interesados e á Comisión Xestora da federación Galega de hoquei, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,  
O secretario xeral para o Deporte.  
José Ramón Lete Lasa.  
(*asinado dixitalmente*)

